

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CD3AFD000100	Ensinanza e animación sociodeportiva	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1143	Metodoloxía do ensino de actividades físicodeportivas	2024/2025	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FÉLIX JOSÉ AVENDAÑO PORTAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O crecemento que está a experimentar o sector da condición física e da saúde a nivel nacional é moi importante e o noso ámbito de influencia xeográfica (Marín, Pontevedra, O Morrazo, etc.) non queda atrás. Existen múltiples instalacións, tanto públicas como privadas, adicadas a este sector, así como centros escolares, clubs deportivos, empresas de servizos deportivos, etc. A saída profesional do noso alumnado está garantida.

Non podemos establecer un perfil específico do alumnado en canto á súa procedencia xeográfica xa que é moi variable. Atopámonos con alumnado procedente tanto de poboacións próximas (como de outras (Vilagarcía, ...) máis afastadas pero que, grazas á existencia de Residencia no centro escolar, veñen ao noso centro a realizar os seus estudos. Realmente isto non inflúe demasiado na adecuación do currículo, xa que o ámbito produtivo ou a saída profesional é a mesma en todo o territorio autonómico (e posiblemente nacional). O certo é que as necesidades de formación do alumnado para a saída profesional máis reclamada (monitores en ximnasios) non queda ben cuberta co deseño deste ciclo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A aprendizaxe motora e as tarefas motrices		21	15
2	A sesión e outros entornos de aplicación da práctica deportiva		25	20
3	Intervención didáctica na ensinanza das actividades físicas e deportivas.		40	30
4	A programación das actividades físicas e deportivas.		29	25
5	Avaliación do proceso de ensinanza de actividades físico-deportivas.		13	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A aprendizaxe motora e as tarefas motrices	21

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Avalía a dificultade das tarefas motrices, analizando os mecanismos que se poñen en xogo e a súa repercusión no proceso de aprendizaxe en distintos momentos evolutivos	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse distintos modelos de ensinanza e as posibilidades que ofrecen para a aprendizaxe das habilidades motrices
CA1.2 Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo de percepción
CA1.3 Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo de decisión
CA1.4 Establecéronse os elementos da tarefa motriz que teñen que ver co mecanismo efector
CA1.5 Identificáronse as características das persoas participantes que inflúen nos procesos de aprendizaxe de actividades físico-deportivas
CA1.6 Valorouse a necesidade de adecuar a dificultade das aprendizaxes de tarefas motrices aos momentos madurativos das persoas participantes

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Aprendizaxe das habilidades motrices: modelos de ensinanza e concepcións de aprendizaxe. Proceso básico de adquisición de habilidades motrices.</p> <p>Implicación dos mecanismos de realización das accións motrices. Variables asociadas ao mecanismo de percepción: cantidade e relevancia de estímulos, grao de incerteza do medio e tempo de permanencia. Variables asociadas ao mecanismo de decisión: número e tipo de alternativas, tempo dispoñible e grao de oposición. Variables asociadas ao mecanismo efector: capacidades físicas e calidades motrices implicadas, velocidade e precisión de realización exixida.</p> <p>Desenvolvemento motor. Características das etapas. Implicación coa aprendizaxe motriz.</p> <p>Análise de tarefas e estratexias na práctica. Características, tipos, condicións da práctica e niveis de dificultade. Características das persoas participantes.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A sesión e outros entornos de aplicación da práctica deportiva	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, relacionando os elementos que o compoñen	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Seleccionáronse estratexias metodolóxicas en función do tipo de actividades físico-deportivas do grupo de referencia

4.2.e) Contidos

Contidos
Contextos de ensinanza de actividades físico-deportivas. Escolas deportivas e multideportivas. Actividades extraescolares. Actividades físico-deportivas de inclusión. Elementos básicos da programación de ensinanza de actividades físico-deportivas. Características, funcións, tipos e niveis de concreción dos contidos dun programa de actividades físico-deportivas. Análise e elaboración de obxectivos. Intencións de aprendizaxe e coherencia cos contextos de práctica. Deseño de obxectivos en función das características das persoas usuarias e contextos de práctica das actividades físico-deportivas. Niveis de concreción na ensinanza de actividades físico-deportivas: unidade didáctica, sesión e tarefa. Funcións do técnico e responsabilidades no desenvolvemento dos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Intervención didáctica na ensinanza das actividades físicas e deportivas.	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, relacionando os elementos que o compoñen	NO
RA3 - Organiza os recursos implicados nos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, definindo criterios de eficacia e eficiencia	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Definíronse criterios de secuenciación no programa de ensinanza, en función das variables que favorecen a aprendizaxe de actividades físico-deportivas
CA3.1 Seleccionáronse os materiais específicos ou adaptados, en función das características dos programas de ensinanza de actividades físico-deportivas
CA3.2 Seleccionáronse os materiais, os espazos e os tempos, de acordo coas unidades de traballo do programa de ensinanza de actividades físico-deportivas
CA3.3 Definiuse a organización das persoas, dos materiais, do tempo e do espazo como recursos de ensinanza
CA3.4 Concretáronse os materiais, os espazos, a organización e os tempos de práctica, atendendo ás características das persoas participantes
CA3.5 Determinouse a importancia de xerar contornos seguros na ensinanza de actividades físico-deportivas

4.3.e) Contidos

Contidos
Estratexias de ensinanza e factores que interveñen na elaboración dos programas de ensinanza. Atención á diversidade.
Modelos didácticos de intervención.
Estilos de ensinanza: directivos e de procura.
Tipos de información no proceso de ensino e aprendizaxe.
Materiais específicos e adaptados para a práctica de actividades físico-deportivas. Características, tipos e condicións de seguridade.
Espazos para a práctica e posibilidades para a posta en marcha de actividades físico-deportivas.
Espazos e materiais, e as súas posibilidades para a aprendizaxe de actividades físico-deportivas. Adaptacións e modificacións en función das características das persoas participantes.
Escenarios de aprendizaxe de actividades físico-deportivas. Organización, material e control de continxencias.
Seguridade nos diferentes contornos para desenvolvemento de actividades físico-deportivas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A programación das actividades físicas e deportivas.	29

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora programas de ensinanza de actividades físico-deportivas, relacionando os elementos que o compoñen	SI
RA4 - Deseña progresións de ensinanza de actividades físico-deportivas relacionándoas co tipo de actividade e coas persoas participantes	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Deseñouse o programa de ensinanza nos contextos de ensinanza de actividades físico-deportivas
CA2.2 Xustificouse o programa de ensinanza de actividades físicas e deportivas atendendo ás características e necesidades do contexto
CA2.3 Establecéronse obxectivos en función dos graos de concreción do programa de ensinanza de actividades físico-deportivas
CA2.4 Definíronse criterios de secuenciación no programa de ensinanza, en función das variables que favorecen a aprendizaxe de actividades físico-deportivas
CA2.5 Selecciónáronse estratexias metodolóxicas en función do tipo de actividades físico-deportivas do grupo de referencia
CA2.6 Adaptáronse os programas de actividades físico-deportivas á diversidade das características das persoas participantes
CA2.7 Deseñáronse as funcións e as responsabilidades do persoal técnico na programación de actividades físico-deportivas e recreativas
CA4.1 Selecciónáronse as tarefas en función dos perfís de dificultade
CA4.2 Establecéronse progresións nas tarefas en función dos tipos de contidos
CA4.3 Programáronse adaptacións das tarefas en función do desenvolvemento motor, a capacidade de abstracción e as motivacións dos diferentes tipos de persoas participantes

Criterios de avaliación
CA4.4 Verifícase a coherencia das progresións cos obxectivos da programación
CA4.5 Estableceuse o papel do persoal técnico e das persoas usuarias na realización das tarefas
CA4.6 Valorouse a necesidade de establecer progresións na ensinanza, para facilitar aprendizaxes das persoas participantes

4.4.e) Contidos

Contidos
Estratexias de ensinanza e factores que interveñen na elaboración dos programas de ensinanza. Atención á diversidade.
Criterios de secuenciación e temporalización das tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas.
Criterios para ordenar as tarefas de ensino e aprendizaxe en función do carácter da actividade físico-deportiva. Mecanismo de percepción, de decisión e de execución.
Actividades de ensinanza para o desenvolvemento de tarefas físico-deportivas. Características de cada tipo de participante: desenvolvemento motor, motivacións e nivel de abstracción, nivel de condición física e saúde.
Papeis do persoal técnico e das persoas usuarias na realización das tarefas.
Progresións de ensinanza. Ritmos de aprendizaxe. Tarefas de ensinanza adaptadas aos ritmos de aprendizaxe. Ferramentas de reforzo: feedback, posibilidade de transferencia e adaptacións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Avaliación do proceso de ensinanza de actividades físico-deportivas.	13

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Avalía o programa de ensinanza de actividades físico-deportivas especificando os indicadores que permiten a súa optimización	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Contrastáronse modelos de avaliación de procesos de ensinanza de actividades físico-deportivas
CA5.2 Establecéronse os criterios para elaborar instrumentos de avaliación do nivel de aprendizaxe das actividades físico-deportivas
CA5.3 Establecéronse os instrumentos para comprobar a eficacia e eficiencia dos espazos e dos recursos empregados, en referencia á súa funcionalidade e á súa adecuación
CA5.4 Determináronse sistemas de valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos previstos
CA5.5 Establecéronse criterios que solucionen os desaxustes detectados na avaliación
CA5.6 Concretáronse situacións e elementos para a discusión e a interpretación de datos
CA5.7 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo

4.5.e) Contidos

Contidos
Modelos, técnicas e instrumentos de avaliación de programas de ensinanza de actividades físico-deportivas. Información inicial, final e durante o proceso. Avaliación do rendemento motor. Avaliación do proceso de aprendizaxe. Toma de decisións.
Modelos de avaliación do proceso de ensinanza.
Indicadores de avaliación sobre os elementos do proceso de ensinanza. Características dos instrumentos de avaliación de ensinanza de actividades físico-deportivas. Selección de instrumentos de avaliación. Técnicas de avaliación. Test. Cuestionarios. Follas de observación. Entrevistas. Técnicas grupais. Gravacións. Proxectos. Exercicios prácticos.
Deseño de instrumentos de avaliación con base no programa e nas aprendizaxes establecidas.
Actividades de avaliación das aprendizaxes, atendendo aos obxectivos marcados no programa de ensinanza. Selección e deseño de tarefas con base no tipo de avaliación requirido. Feedback como un referente de avaliación.
Memorias e informes de avaliación. Fundamentos para propostas de mellora: discusión e interpretación de datos.
Beneficios que achegan a programación e a avaliación no desenvolvemento práctico de actividades físico-deportivas como ferramenta de aprendizaxe.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os mínimos esixibles son os que figuran nos obxectivos específicos en cada unha das unidades didácticas e que veñen marcados polo currículo, así coma os criterios de avaliación citados anteriormente os cales considéranse imprescindibles para o logro dos resultados de aprendizaxe e para a cualificación positiva do módulo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A comprobación da adquisición das capacidades e contidos realizarase a través dos instrumentos de avaliación descritos a continuación:

- Probas escritas teórico-prácticas: realizarase, unha proba, como mínimo, de carácter obrigatorio ao final de cada avaliación. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo verdadeiro e falso (ou tipoloxía similar, encher ócos,, tipo test, enlazar respostas,...), preguntas curtas, e preguntas longas de desenvolvemento. Os tipos de preguntas poden variarse se así o deciden entre o profesor e o alumnado. Para a súa superación deberá obterse un 4 sobre 10.

Nestas probas valorarase a claridade e exactitude das respostas, capacidade de análise e síntese, emprego axeitado dos contidos, resolución de todos os apartados solicitados e nivel de expresión escrita axeitado ao perfil profesional.

- Listas de cotexo: empregaranse estes instrumentos para revisar todos aqueles traballos e tarefas que o alumnado realice dentro ou fóra da aula, que teñan como resultado un produto susceptible de avaliar. Poderán ser traballos e actividades individuais ou grupais. Para a súa superación deberá obterse un 4 sobre 10.

Valorarase a claridade de ideas na redacción, capacidade de síntese, as reflexións persoais fundamentadas, creatividade e innovación do formato, entrega no prazo acordado, redacción e coherencia, ortografía, contido e presentación. Ademais destes aspectos nos traballos grupais terase en conta, o reparto das tarefas, a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo, a nota poderá ser diferente para as distintas persoas que integren o grupo.

Na exposición das actividades: valorarase a claridade e corrección da exposición, análise e síntese dos contidos expostos, capacidade de comunicación, coordinación grupal e recursos empregados.

- Escalas de observación: o profesor valerase delas para avaliar as tarefas realizadas na aula, así como aspectos referentes ao comportamento individual e no grupo, e CA e actitudes prácticas relacionadas co perfil profesional recollidas no currículo. Para a súa superación deberá obterse un 4 sobre 10.

Estes instrumentos permitirán a avaliación ao longo do curso do nivel de aprendizaxe da alumna ou alumno en relación cos criterios de avaliación establecidos no currículo.

Polo tanto, para poder acadar unha avaliación positiva no módulo será preciso a realización e superación de todas as probas escritas obrigatorias, así coma a realización e entrega de todas as actividades e traballos propostos, de acordo cos criterios acordados antes da súa elaboración. No caso de suspender algunha das probas valorarase a súa repetición ou a realización de traballos a maiores.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unidade didáctica virá determinada pola ponderación das cualificacións das tarefas, traballos e exames de cada proba.

Para calcular a nota final do módulo, cada unidade didáctica ten un valor diferente:

- Proba teórica 65%
- Traballos / dirección de sesións / actividades 35%

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas seguindo o que se indica no apartado 6.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción, quedando suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade.

NOTA: Non asistir a clase no día previsto para unha proba/exame dará lugar á cualificación de "non presentado". Para a realización da proba noutra data, a ausencia deberá estar debidamente xustificada, quedando a repetición da proba suxeita á decisión do equipo docente ou directivo.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

- Suspenderase unha avaliación no caso de non acadar algún dos mínimos exixibles.
- Farase unha última proba no mes de xuño, nas datas seleccionadas por xefatura de estudos para actividades de recuperación, despois da terceira avaliación.
- As sesións prácticas (dirección e dinamización de sesións) non se poderán repetir, xa que non hai tempo material para iso e necesitan a ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

ALUMNADO CON PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA:

- Terá que facer unha proba teórica de todo o temario (necesitará obter como mínimo un 5).
- Deberá presentar algúns dos traballos solicitados durante o curso (necesitará obter como mínimo un 5).

A nota final se calculará en base ás seguintes porcentaxes:

- 70%: proba escrita (exame teórico).
- 30%: traballos solicitados.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Os propios resultados trimestrais dos alumnos.
- Realización de seguimento da programación mensual.
- Realización dunha enquisa de valoración final (enquisa dos sistema de calidade).

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Reunión inicial co grupo e realización dunha batería de preguntas referidas aos contidos (temario) do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Traballo adicional e titorías en función das carencias que se detecten.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- Fomentárase a colaboración mediante os traballos en grupo (aprendizaxe cooperativa).
- Fomentárase o respecto ás opinións mediante a realización de debates e discusións.
- Esixírase limpeza e orde nos traballos.
- Esixírase boa expresión e corrección de fallas de ortografía.
- Fomentárase o respecto cara á diversidade.
- Traballarase na aceptación e respecto dos niveis de execución motriz propios e alleos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Asistencia a charlas e/ou congresos que se vaian convocando ó longo do curso